

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de SETEMBRO de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día un de setembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1010).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1011).- MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAIS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGA. EXPTE. 41015/301.**

Examinadas as actuacións do expediente:

**A)** Visto o informe xurídico, do 29.08.11, o informe de fiscalización do 30.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.08.11, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato de servizo de apoio á unidade asistencial a drogodependentes “CEDRO”, adxudicado á mercantil EUSA SERVICIOS

SOCIOSANITARIOS, S.L., pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 5 de agosto de 2010, consistente en:

- Redución da provisión de auxiliares de laboratorio en 1 praza.
- Aumento da provisión de psicólogos en 1 praza, con perfil de formación en avaliación e rehabilitación neuropsicolóxica.

2º.- Aprobar o gasto de 10.488 € correspondente á citada modificación, que se imputará a aplicación presupostaria “3133.2279901- servizo metadona” e súa bolsa de vinculación.

3º.- Formalizar por escrito a presente modificación, de acordo co disposto no artigo 140 LCSP.

4º.- Comunicar a mesma ó Consello Consultivo de Galicia.

**B)** Así mesmo, de conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 29.08.11, fiscalizado con data 30.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-09-2011 ó 31-08-2012 do contrato para a prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial a drogodependientes CEDRO do que é actual contratista Euxa Servicios Sociosanitarios, S.L.

O importe da prórroga será de 654.446 euros euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.